



## **CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

### **BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, A MEDIA XORNADA DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO).**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto das presentes bases é o de regular o procedemento para a contratación temporal, a media xornada, dun/unha traballador social para realizar tódalas tarefas propias no marco das normas reguladoras dos servizos sociais comunitarios, segundo o establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e disposicións que a desenvolvan.

#### **SEGUNDA.- NORMATIVA A PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

O posto de traballo de referencia cubrirase en base os criterios de publicidade de convocatoria, igualdade, mérito e capacidade dos candidatos, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Lei 30/1984, de 2 de agosto, Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 364/95, de 10 de marzo; Real Decreto 986/1991, de 7 de xuño; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA); Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A selección realizarase mediante concurso e unha entrevista persoal, na fase de concurso valoraranse os méritos presentados polos aspirantes de conformidade co disposto nestas bases.

#### **TERCEIRA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN.**

**MODALIDADE DE CONTRATO DE TRABALLO.-** Contrato laboral temporal de duración determinada a media xornada.

**XORNADA.-** 20 horas semanais.

**DURACIÓN.-** Este contrato formalízase para prestar apoio a Traballadora Social actual, así como os permisos establecidos nos artigos 48 e 49 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 46 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

**RETRIBUCIÓN.-** 800 euros brutos/mes(inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria)





## **CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

### **CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte na presente convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, este últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do TREBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de Diplomado en Traballo Social ou do Título de Grao en Traballo social.
- d) Estar en posesión do título de galego Celga 4 ou equivalente.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- f) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- g) Estar en posesión do permiso de conducir clase B.
- h) Vehículo propio ou dispoñibilidade de vehículo para o desempeño do traballo.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

### **QUINTA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán facerse mediante instancia dirixida ó Alcalde – Presidente, segundo o modelo de anexo II da presente convocatoria.

As instancias de participación, dirixidas ó Sra. Alcalde – Presidente, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas, durante o prazo de CINCO (5) días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Poderán tamén remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





## **CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e rexistrada, a través:

- a) Correo electrónico dirixido a: [concelloderiotorto@infonegocio.com](mailto:concelloderiotorto@infonegocio.com), indicando como asunto: CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DUN/UNHA TRABALLADORA SOCIAL e achegando copia escaneada da solicitude rexistrada.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 4ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega “CELGA 4” ou a súa validación.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases deste convocatoria.

### **SEXTA.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.**

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldesa ditará resolución que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal [www.concelloderiotorto.gal](http://www.concelloderiotorto.gal), declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de dous (2) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.





## **CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

2.- Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a lista provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal [www.concelloderiotorto.gal](http://www.concelloderiotorto.gal).

### **SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase por resolución da Alcaldía, de acordo coa lexislación vixente, pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que fixará tamén a data e hora na que deberá constituírse o tribunal e dar comezo as probas selectivas.

O tribunal cualificador estará composto por un (1) Presidente/a, un (1) Secretario/a e dous (2) vogais. Todos os/as vogais deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o secretario, que só dará fe e levantará acta das reunións do tribunal.

O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente/a e do secretario/a.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da mesma lei.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases, así como para dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en case exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría segunda (2ª) das sinaladas do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio.

### **OITAVA.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.**

O sistema selectivo é de concurso e entrevista persoal.

Consistirán na valoración dos méritos achegados e debidamente acreditados polos aspirantes dentro do prazo de presentación de solicitudes, non





## **CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

tomándose en consideración os que acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo.

### **8.1.- FASE DE CONCURSO (Ata un máximo de 7 puntos)**

#### **A) FORMACIÓN ACADÉMICA COMPLEMENTARIA (Ata un máximo de 1 punto)**

**Por posuír titulacións académicas** - sen contar a titulación esixida para o emprego – de igual ou superior entidade á requirida relacionadas coas funcións propias do emprego a desenvolver:

Ciclo Medio de FP ou equivalente (FP I): 0,70 puntos cada unha.

Ciclo Superior de FP ou equivalente (FP II): 0,80 punto cada unha.

Diplomado Universitario: 0,90 punto cada unha.

Licenciado Universitario: 1,00 puntos cada unha.

Título de grao: 1,00 puntos cada unha.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de **1 punto**.

#### **B) OUTRA FORMACIÓN (Ata un máximo de 1,5 puntos)**

**Cursos ou outra formación.**- Por cada curso, directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia :

-Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.

-Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0, 02 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.

-Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.

-Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.

-Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.

-Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste subapartado presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola





## **CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de formación será de **1,5 puntos**.

### **C) EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 3,5 puntos)**

1º.- Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,30 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,15 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

### **D) PRÁCTICAS PROFESIONAIS (ata un máximo de 1 punto)**

Por a realización de prácticas profesionais en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,07 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de prácticas na empresa privada: 0,04 puntos por cada mes completo de servizo.

Presentarase un certificado ou documento acreditativo desta circunstancia.





## **CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

### **8.2.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL (ata un máximo de 3 puntos)**

Entrevista para valorar a dispoñibilidade, aptitudes e capacidade dos candidatos.

### **NOVENA.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA E RESULTADOS DA SELECCIÓN.**

Unha vez valorados os méritos alegados polos aspirantes, o Tribunal formará unha lista coa orde de prelación de todos os aspirantes coa puntuación final que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de valoración de méritos e na fase de entrevista persoal do proceso selectivo, e farase pública no taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web.

Será seleccionado aquel que obteña maior puntuación global.

### **DÉCIMA.- CONTRATACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.**

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal formulará proposta de contratación a favor do aspirante que acadase a maior puntuación final.

Para o suposto de que o aspirante inicialmente proposto, ou os sucesivos seguintes, renunciase á contratación ou non reunira os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de contratación a favor do seguinte aspirante que maior puntuación obtivese no proceso selectivo.

O/A aspirante proposto achegará ante a Administración, dentro do prazo de dez (10) días naturais dende a publicación da lista definitiva de aprobados, os seguintes documentos:

1. Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente, nin de ter sido condenado por delito doloso, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial.
2. Número de afiliación a Seguridade Social.
3. Número de conta bancaria.
4. Declaración de dispoñibilidade de vehículo para realizar os desprazamentos.

Presentada a citada documentación o aspirante proposto será contratado mediante contrato laboral temporal de interinidade.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.**

1.- Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo e pola orde decrecente de puntuación





## **CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por disfrute de licenzas regulamentaria, necesidade do servizo, etc..., ou as baixas ou renuncia do seleccionado.

2.- A orde de chamamento dos aspirantes será polo orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

3.- Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos suposto nos que a necesidade de cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou na prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron unha resposta.

4.- Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciaren a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista.

5.- Contratación dos integrantes da bolsa:

- Poderá empregarse a lista para realizar contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo vacantes ou non vacantes no devandito servizo.
- Unha vez compareza o aspirante chamado segundo a orde da bolsa de traballo, a Alcaldesa procederá á súa contratación para o posto de traballo correspondente.
- O Cesamento producirase por resolución da Alcaldía cando aconteza algunha das causas recollidas no artigo 10.3 do TREBEP.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO.**

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. O resto de actos do procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web.

Riotorto, 11 de Xaneiro de 2021  
O Alcalde,  
Asdo: Clemente Iglesias González  
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE







## **CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

### **MODELO ANEXO II- INSTANCIA PROCESO SELECTIVO TRABALLADOR/A SOCIAL**

D./D<sup>a</sup>....., con  
DNI núm. .... e domicilio a efectos de notificacións  
en ..... municipio de .....  
provincia de ....., con número de teléfono ..... e  
correo electrónico .....

#### **EXPÓN:**

1. Que é coñecedor das bases da convocatoria para a contratación en réxime laboral temporal, a xornada parcial, dun/dunha traballador/a social no Concello de Riotorto.
2. Que reúne todos e cada un dos requisitos sinalados na Base 4<sup>a</sup>, esixidos para formar parte na presente convocatoria.
3. Que adxunta a seguinte documentación.
  - Fotocopia cotexada do DNI ou documento identificativo.
  - Fotocopia cotexada do permiso de conducir.
  - Fotocopia cotexada da titulación esixida.
  - Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso convocado.
  - Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega “CELGA 4” ou a súa validación.

#### **Polo que, SOLICITA:**

Que se admita esta solicitude para o procedemento de selección do persoal referenciado.





## **CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)**

CIF: P2705400 F

En Riotorto, a ..... de ..... de 2021.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIORTORTO**

